



**CAIXA RURAL
GALEGA**



Informe do ano 2022



Caixa Rural Galega é unha Sociedade Cooperativa de Crédito de responsabilidade limitada de ámbito autonómico, inscrita no Rexistro Xeral de Cooperativas do Ministerio de Traballo co número 523, na Sección Central do Rexistro de Cooperativas da Dirección de Traballo e Promoción de Emprego da Consellaría de Traballo e Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número 68, e no Rexistro de Entidades Cooperativas de Crédito, dependente do Banco de España, co número 30 da Sección C, tendo a consideración de Caixa Cualificada.

Ten personalidade xurídica propia, e pode exercer toda clase de accións e operacións, gozando dos beneficios que legalmente lle corresponden. A responsabilidade dos socios fronte as obrigas sociais da Entidade é limitada. Por ser Caixa Rural Calificada pode asinar convenios de colaboración coas Entidades de Crédito Oficial, así coma obter os beneficios que reglamentariamente se determinen polo Ministerio de Economía e Facenda. Está acollida ó Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

CIF: F-27005164
DOMICILIO SOCIAL: Rúa Montero Ríos 24–26, 27002 – Lugo
www.ruralvia.com/galega
caixaruralgalega@caixaruralgalega.gal

Órganos de goberno

· Consello Reitor	· Comisión Permanente
Presidente D. MANUEL VARELA LÓPEZ	Presidente D. MANUEL VARELA LÓPEZ
Vicepresidente D. ÁNGEL RAMIL CASTELO	Vicepresidente D. ÁNGEL RAMIL CASTELO
Secretario D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO	Secretario D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO
Vocais 1º. D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ 2º. D. DANIEL VILLAPOL VALEA 3º. D. JOSÉ LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ 4º. D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE 5º. D. SALVADOR MANUEL DIZ CERVIÑO 6º. Dª. CRISTINA VARELA SÁNCHEZ 7º. D. DIEGO ARIAS FERNÁNDEZ 8º. Dª. VANESSA VIZCAÍNO CORDIDO 9º. D. JOSÉ AQUILINO RODRÍGUEZ LÓPEZ	Vocais D. JOSÉ LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ · Director Xeral D. JESÚS ANTONIO MÉNDEZ ÁLVAREZ-CEDRÓN

Servicio de Atención ao Cliente

A Entidade, dando cumprimento ao establecido na Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro e á Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, do Ministerio de Economía, sobre os Departamentos e Servizos de Atención ao Cliente e o Defensor do Cliente en determinadas Sociedades Cooperativas de Crédito, ten a disposición dos seus clientes o Servizo de Atención ao Cliente, regulado por un Regulamento de Funcionamento, aprobado polo Consello Reitor.

Durante o exercicio 2022, o Servizo de Atención ao Cliente rexistrou cento cinco reclamacións, das que a totalidade foron atendidas directamente polo Servizo; una de elas foi recibida dende o servizo de reclamacións do Banco de España. Do total de reclamacións recibidas, trinta e sete foron favorables ao cliente, sesenta e catro desfavorables, e catro inadmitidas.

Carta do presidente

Despois destes últimos anos nos que a pandemia dominou o panorama internacional, o ano 2022 debe ser o que marque o seu fin. O comportamento do turismo e o Camiño de Santiago fainos pensar que volvemos á normalidade. Os esforzos sitúanse agora en superar a crise dunha guerra ás portas de Europa e as consecuencias que ten para todos.

Empezaba o ano con dous grandes retos: a recuperación económica e o control da inflación. Ningún dos dous logrou o seu nivel óptimo, sen embargo, un crecemento económico en torno ao 5,7% foi mellor que o previsto polos distintos organismos a mediados de ano. Tamén é certo que a maior parte deste crecemento corresponde ao primeiro semestre do ano. Os dous últimos trimestres presentan un crecemento moderado, pero sen chegar á temida recesión. Sen dúbida, a política monetaria do Banco Central Europeo, cunha suba especialmente acusada dos tipos de interese, tivo que ver no menor consumo das familias na última parte do ano. En calquera caso é, seguramente, a única política posible para loitar contra unha inflación como a actual, especialmente a inflación subxacente en máximos de moitos anos. O esixible debe ser que estas decisións non entorpezan en exceso o crecemento económico.

Polo momento, este escenario no que o prezo do diñeiro está en torno ao 3% é o escenario que poderíamos considerar como normal. O estraño foi que durante demasiados anos os intereses fosen negativos, cunhas marxes unitarias en mínimos históricos para as entidades financeiras. Isto deu lugar a unha reestruturación do sistema como nunca antes: peche da metade das oficinas, miles de empregos que desapareceron e peor servizo ao cidadán, especialmente para os nosos maiores, os máis vulnerables, pola súa menor actividade dixital.

En Caixa Rural Galega sempre cremos que este debería ser o escenario e por iso estamos especialmente expostos a él de xeito favorable,

o que se traduciu nuns beneficios de 8,9 millóns de euros. Isto permítenos seguir crescendo como ata agora e aumentar a solvencia bastante por encima do que esixe o regulador.

A pesar de que entendemos que debemos pensar neste escenario como normal, o longo período de intereses especialmente baixos e a repentina subida dos mesmos, supuxo para moitas familias un esforzo engadido e, en ocasións, dificultades para facer fronte aos seus préstamos.

O Goberno, consciente destas dificultades, propón ás Entidades un Código de Boas Prácticas ao que nos adherimos boa parte das Entidades Financeiras.

Con independencia disto, a Caixa, como Entidade especialmente sensible a calquera problema dos seus socios, estuda sempre con cada un a súa situación persoal en busca dunha solución satisfactoria.

Neste contexto de incerteza, un ano máis, presentamos unhas contas con crecemento histórico, tanto en depósitos como en investimento crediticio. Os beneficios son tamén os máis altos da historia, como corresponde a unha maior actividade e favorecidos tamén pola subida de intereses.

Transitamos xa por 2023, un ano con importantes retos, enorme incerteza e grandes interrogantes, pois a tensión inflacionista, a ameaza dunha recesión ou a incerteza dunha guerra no leste de Europa son ameazas que continúan.

Afortunadamente, en Caixa Rural Galega sempre fomos capaces de responder os desafíos que se presentan porque contamos con empregados moi implicados, grandes profesionais e co apoio xeneroso dos nosos socios, coma sempre. Isto fai que sexa máis fácil superar calquera adversidade.

O Presidente

Ratios

Crecemento do balance	Ratio de morosidade	Ratio de solvencia Fully-loaded
12,44 %	2,82 %	15,70 %
Alcanzamos un crecemento de 217 millóns de euros respecto ó exercicio anterior.	A ratio de morosidade mantívose a niveis baixos en comparación ao resto do sector.	Cumprimos cos niveis requiridos pola lexislación vixente e as esixencias do regulador.
Crecemento depósitos da clientela	Crecemento do investimento crediticio	LCR
13,61 %	6,80 %	937,69 %
Ó peche do exercicio 2022 superamos os 1.700 millóns de euros nos depósitos da clientela.	O crecemento do investimento crediticio supuxo case 53 millóns de euros no exercicio.	Os nosos depósitos cobren o investimento crediticio e esta ratio indica que temos suficiente liquidez para facer fronte a salidas de efectivo durante 30 días. Debería de estar sempre por riba do 100%.

Informe de auditoría externa

O noso auditor externo, KPMG Auditores, S.L., emitiu, en abril de 2023, o informe de auditoría das contas anuais, que comprenden o balance a 31 de decembro de 2022, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria, correspondentes ao exercicio terminado nesa data.

A opinión do auditor foi favorable. Considera que estas contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio e a situación financeira da Entidade ao 31 de decembro de 2022, así coma os seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes.


A reprodución de este Informe de Auditoría debe lerse, para a súa adecuada comprensión e interpretación, xunto coas contas anuais e o informe de xestión correspondentes ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2022 sobre as que opina, cuxo texto íntegro atópase dispoñible no apartado de información institucional de www.ruralvia.com/galega

Fondo de Educación e Promoción


Durante o ano 2022, o Consello Reitor da Entidade, por delegación da Asamblea Xeral, acordou o patrocinio con cargo ao Fondo de Educación e Promoción de 93 actividades por un importe global de 574.893,67 euros.

Número de actividades	Importe concedido	Concepto
2	96.036,06	Fomento do cooperativismo
60	382.588,44	Actividades socioculturais e socioeconómicas
19	44.950,00	Fomento da práctica deportiva
8	45.319,17	Actividades formativas
4	6.000,00	Accións sociais
574.893,67		Total

Evolución do número de socios




Distribución do Patrimonio Neto




Evolución dos resultados


Resultado do exercicio (miles de euros)



Evolución do número de empregados




Clasificación do risco crediticio por sector



Evolución do investimento crediticio e dos depósitos da clientela

(Salos medios anuais en miles de euros)



Balances ao 31 de decembro de 2022 e 2021 *(Miles de Euros)*

ACTIVO	31.12.2022	31.12.2021
Efectivo, saldos en efectivo en bancos centrais e outros depósitos á vista	190.796	273.356
Activos financeiros mantidos para negociar	23	19
Derivados	23	19
Activos financeiros non destinados á negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados	152	308
Valores representativos de débeda	0	0
Préstamos e anticipos á clientela	152	308
Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	0	0
Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global	123.800	242.352
Instrumentos de patrimonio	23.857	22.172
Valores representativos de débeda	99.943	220.180
Activos financeiros a coste amortizado	1.558.811	1.189.288
Valores representativos de débeda	613.458	404.902
Préstamos e anticipos en entidades de crédito	119.971	16.027
Préstamos e anticipos á clientela	825.382	768.359
Derivados - contabilidade de coberturas	51.954	4.829
Cambios do valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco do tipo de intereses	0	0
Investimentos en dependentes, negocios conxuntos e asociadas	0	0
Activos tanxibles	24.188	24.194
Inmovilizado material	15.700	15.337
De uso propio	8.488	8.857
Investimentos inmobiliarios		
Activos intanxibles	9	10
Outros activos intanxibles		
Activos por impostos	3.813	3.421
Correntes	-	84
Diferidos	3.813	3.337
Outros activos	2.837	2.128
Resto dos activos		
Activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda	1.233	1.121
TOTAL ACTIVO	1.957.616	1.741.026
Pro-Memoria	126.890	151.535
Compromiso de préstamo concedido	80.483	91.388
Garantías financeiras concedidas	19.808	17.462
Outros compromisos concedidos	26.599	42.685

PASIVO E PATRIMONIO NETO	31.12.2022	31.12.2021
PASIVO		
Pasivos financeiros mantidos para negociar	0	0
Pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	0	0
Pasivos financeiros a coste amortizado	1.837.342	1.597.557
Depósitos de entidades de crédito	56.602	54.629
Depósitos da clientela	1.742.584	1.533.857
Outros pasivos financeiros	38.156	9.071
Derivados - contabilidade de coberturas	22.909	48.649
Cambios a valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco do tipo de interés	0	0
Provisións	453	315
Pensións e outras obrigacións de prestacións definidas post-emprego	0	0
Compromisos e garantías concedidos	362	259
Restantes provisións	91	56
Pasivos por impostos	3.812	5.571
Correntes	198	0
Diferidos	3.614	5.571
Capital social reembolsable á vista	0	0
Outros pasivos	5.109	4.164
<i>Dos que: Fondo da Obra Social</i>	2.246	1.869
Pasivos incluídos en grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda	0	0
TOTAL PASIVO	1.869.625	1.656.256
PATRIMONIO NETO		
Fondos propios	87.611	76.432
Fondo de dotación	15.040	12.481
Reservas de revalorización	1.580	1.581
Outras reservas	62.051	56.046
Resultado do exercicio	8.940	6.324
Outro resultado global acumulado	1.848	2.696
<i>Elementos que non poden reclasificarse en resultados</i>		
Ganancias ou perdas actuariais en plans de pensións de prestacións definidas	(22)	(45)
Cambios do valor razoable dos instrumentos de patrimonio valorados a valor razoable	1.826	2.741
<i>Elementos que poden reclasificarse en resultados</i>	(1.446)	5.642
Derivados de cobertura	(3.040)	(1.374)
Cambios do valor razoable dos instrumentos de deuda		
Valorados a valor razoable con cambios noutro resultado global	1.594	7.016
TOTAL PATRIMONIO NETO	87.991	84.770
TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO	1.957.616	1.741.026

Contas de perdas e ganancias correspondentes ós exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2022 e 2021 *(Miles de Euros)*

CONCEPTOS	Ingresos (Gastos)	
	2022	2021
Ingresos por intereses	29.892	22.247
Gastos por intereses	(6.911)	(4.402)
MARXE DE XUROS	22.981	17.845
Ingresos por dividendos	1.308	1.260
Ingresos por comisións	5.033	4.315
Gastos por comisións	(61)	(55)
Ganancias ou perdas o dar de baixa en contas de activos ou pasivos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados, netas	(60)	24
Ganancias ou perdas por activos e pasivos financeiros mantidos para negociar, netas	31	198
Ganancias ou perdas por activos financeiros non destinados á negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, netas	(167)	(130)
Ganancias ou perdas por activos e pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados, netas	0	0
Ganancias ou perdas resultantes da contabilidade de coberturas, netas	(13)	0
Diferenzas de cambio (neto)	90	50
Outros ingresos de explotación	968	1.113
Outros gastos de explotación	(3.788)	(3.481)
<i>dos que: dotacións obrigatorias ó Fondo da Obra Social</i>	(951)	(667)
MARXE BRUTO	26.322	21.139
Gastos de administración	(12.223)	(11.271)
Gastos de persoal	(7.366)	(7.041)
Outros gastos xerais de administración	(4.857)	(4.230)
Amortización	(1.094)	(1.037)
Dotacións a provisións (neto)	(300)	(195)
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados	(1.837)	(1.075)
Activos financeiros a custo amortizado	(2.017)	(1.126)
Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global	180	51
RESULTADO DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN	10.868	7.561
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos non financeiros	(9)	0
Ganancias ou perdas ao dar de baixa en contas activos non financeiros e participacións netas	1	59
Ganancias ou perdas procedentes de activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda non admisibles coma actividades interrompidas	(101)	(71)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PRODECENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	10.759	7.549
Gastos ou ingresos por impostos sobre as ganancias de actividades continuadas	(1.819)	(1.225)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PRODECENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	8.940	6.324
Ganancias ou perdas despois de impostos procedentes de actividades interrompidas	0	0
RESULTADO DO EXERCICIO	8.940	6.324

Proposta de distribución de resultados do exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2022 *(Euros)*

2022	
RESULTADOS	
Beneficio neto	8.940.453,11
Provisión legal Fondo de Educación e Promoción (FEP)	951.049,34
Xuros a pagar aos socios por achegas de capital	-381.009,04
Total a distribuír	9.510.493,41
DISTRIBUCIÓN	
A Fondo de Reserva Obrigatoria	7.608.394,73
Fondo de Educación e Promoción (FEP)	951.049,34
Libre Disposición	951.049,34
	9.510.493,41
PROPOSTA ASAMBLEA SOBRE LIBRE DISPOSICIÓN	
A Fondo de Reserva Voluntaria	667.043,62

Oficinas de Caixa Rural Galega**LUGO**

LUGO, Servizos centrais	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, O.P. Urbana 1	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, Urbana 2	Rúa Doutor Ochoa, 1
LUGO, Urbana 3	Ronda das Fontiñas, 112
LUGO, Urbana 4	Rúa Afonso X O Sabio, 5-7-9
LUGO, Urbana 5	Rúa Poeta Curros Enríquez, 38
ABADÍN	Avda. Fanego Rojo, 11
ALFOZ	Mor - A Seara, 21
ANTAS DE ULLA	Avenida de Pontevedra, 5
BECKERÉA	Rúa Carlos III, 35
BEGONTE	Praza Hnos. Souto Montenegro, 4
O CÁDAVO	Avda. de Baralla, 53
CASTRO DE CARBALLEDÓ	Avda. de Os Peares, 35
CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA	Avda. de Outeiro de Rei, 1
CASTROVERDE	Rúa Rosalía de Castro, 53
COSPEITO	Rúa Cervantes, 2
CHANTADA	Rúa Xoan XXIII, 2
FOLGOSO DO COUREL	Rúa Deputación, 29
LOURENZÁ	Avda. do Val, 7
MEIRA	Avenida de Lugo, 42
MONFORTE DE LEMOS	Avda. de Galicia, 38
MOSTEIRO	Praza. de Galicia, 2
NAVIA DE SUARNA	Praza de España, 11
OUTEIRO DE REI	Praza do Concello, 3
PALAS DE REI	Travesía da Igrexa, 3
A PASTORIZA	Avda. de Muimenta, 8
POBRA DE BROLLÓN	Avda. de Galicia, 66
POBRA DE SAN XIAO	Avda. de Valdriz, 15
RIBADEO	Rúa Villafranca del Bierzo, 11
SARRIA	Rúa Diego Pazos, 21
SAN ROMÁN	Rúa Diputación, 4
SAN COSME DE BARREIROS	Rúa da Vila, 56
TABOADA	Avda. de Lugo, 86
VILALBA	Travesía dos Castros, 2

A CORUÑA

A CORUÑA	Rúa Francisco Mariño, 2
MELIDE	Ronda da Coruña, 50
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Santiago de Guayaquil, 1

OURENSE

OURENSE	Avda. de la Habana, 4
ALLARIZ	Rúa Alfredo Nan, 1
O CARBALLIÑO	Rúa Curros Enríquez, 27
CELANOVA	Rúa Emilia Pardo Bazán, 37
VIANA DO BOLO	Rúa San Roque, 14
XINZO DE LIMIA	Avda. de Orense, 22

PONTEVEDRA

PONTEVEDRA	Avda. de Santa María, 5
CAMBADOS	Avda. Vilariño, 1
LALÍN	Rúa Puente, 1
VIGO	Rúa Policarpo Sanz, 10
VILAGARCÍA DE AROUSA	Praza de Santa Eulalia, 16

CIF: F-27005164

DOMICILIO SOCIAL:

Rúa Montero Ríos 24-26, 27002 – Lugo
www.ruralvia.com/galega
caixaruralgalega@caixaruralgalega.gal